

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7581 *Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social.*

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, introduciu a liberalización nas actividades de xeración e comercialización de enerxía eléctrica. Porén, a actividade de comercialización encontrouse, de feito, moi condicionada polo sistema tarifario. Deste modo, a diferenza entre as tarifas reguladas e os prezos da enerxía puxo en cuestión o obxectivo principal que se buscaba nos prezos do mercado para conseguir unha maior eficiencia e xerou efectos prexudiciais que se van agravando conforme avanza o tempo, deteriorando a base mesma da liberalización os sistemas eléctricos e, paralelamente, inducendo a unha crenza errónea respecto ao prezo dun ben escaso como é a enerxía, o que non contribúe a favorecer o aforro e a eficiencia enerxética.

O crecente déficit tarifario, isto é, a diferenza entre a recadación polas tarifas reguladas que fixa a Administración e que pagan os consumidores polas súas subministracións reguladas e polas tarifas de acceso que se fixan no mercado liberalizado e os custos reais asociados ás ditas tarifas está producindo graves problemas que, no contexto actual de crise financeira internacional, está afectando profundamente o sistema e pon en risco, non só a situación financeira das empresas do sector eléctrico, senón a sustentabilidade mesma do sistema. Este desaxuste resulta insostible e ten graves consecuencias, ao deteriorar a seguranza e a capacidade de financiamento dos investimentos necesarios para a subministración de electricidade nos niveis de calidade e seguranza que demanda a sociedade española.

Para o financiamento deste déficit, que se traslada a xeracións futuras a través do recoñecemento de dereitos de cobramento a longo prazo, fóronse adoptando diferentes medidas que na actual conxuntura dos mercados financeiros se revelaron insuficientes. Este esforzo preséntase neste momento, ademais de pola difícil situación económica e financeira, de forma paralela ao proceso de liberalización que vai supoñer a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica, que declara a extinción das tarifas integrais de enerxía eléctrica a partir do 1 de xullo de 2009 e establece os mecanismos oportunos para garantir a aditividade das tarifas de último recurso. Para os efectos de que o tránsito indicado se poida efectuar de forma eficaz e con garantías, adóptanse diversas medidas urxentes que tenden a protexer o consumidor e a garantir a sustentabilidade económica do sistema eléctrico.

Nun momento de restricións crediticias, de elevado custo dos activos financeiros e de dificultades de acceso en xeral aos recursos financeiros, estas medidas normativas deben permitir reactivar e relanzar os investimentos no sector enerxético, investimentos cuxo significativo incremento se poderá cuantificar nos plans anuais e plurianuais que as empresas eléctricas deben remitir ao ministro de Industria, Turismo e Comercio en aplicación do previsto no artigo 35.5 e no artigo 41.1.o) da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Deste modo procede, en primeiro lugar, establecer límites para acoutar o incremento do déficit e definir unha senda para a progresiva suficiencia das peaxes de acceso, abordando, ademais, un mecanismo de financiamento do déficit tarifario. Así, establécese que a partir do 1 de xaneiro de 2013 as peaxes de acceso serán suficientes para satisfacer a totalidade dos custos das actividades reguladas sen que poida aparecer déficit «ex ante» e regúlase o período transitorio ata a dita data, limitando o déficit de ingresos nas liquidacións das actividades reguladas do sector eléctrico. De forma paralela, o sistema eléctrico necesita liquidez, e dado que os mecanismos de financiamento por medio de poxas xestionados pola Comisión Nacional de Enerxía se amosaron insuficientes no actual

contexto dos mercados financeiros, resulta imprescindible regular de forma estruturada o financiamento dos déficits e o réxime xurídico do déficit tarifario. Así, prevese a cesión dos correspondentes dereitos de cobramento a un fondo de titulización, o Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, constituído para o efecto, que, pola súa vez, emitirá os seus correspondentes pasivos por medio dun mecanismo competitivo no mercado financeiro coa garantía do Estado.

Procede, en segundo lugar, establecer mecanismos adicionais de protección para colectivos vulnerables, impoñendo unha obriga de servizo público, no sentido do artigo 3.º da Directiva 2003/54/CE, ás comercializadoras de último recurso para que o tránsito ás tarifas de último recurso poida ser realizado dunha forma razoable para todos. A inminencia da entrada en vigor do novo sistema de subministración e de tarifas de último recurso podería implicar que os consumidores máis vulnerables sexan os que soporten a maior carga asociada á eliminación do déficit de tarifa. A protección extemporánea impediría a suavidade do cambio, polo que se require a posta en marcha de forma inminente dun bono social para protexer a seguranza xurídica e confianza lexítima dos consumidores máis desprotexidos. O financiamento deste bono social será compartido polas empresas titulares de instalacións de xeración do sistema eléctrico. Ante a posta en marcha da tarifa de último recurso o próximo 1 de xullo, regúlase de forma transitoria o mecanismo de financiamento do déficit e do bono social.

En terceiro lugar, abórdase a necesidade de liberar a tarifa eléctrica, o antes posible, da carga que supón financiar as actividades do Plan xeral de residuos radioactivos, cantidade que, en valor actual do ano 2009, case alcanza os 2.700 millóns de euros, ata o fin da explotación das centrais nucleares previsto no vixente Plan xeral de residuos radioactivos (2028). Mediante o Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso da produtividade e para a mellora da contratación pública, en cuxo artigo vixésimo quinto se modificaba a disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, pola que se regula o fondo para o financiamento das actividades do Plan xeral de residuos radioactivos, deuse un primeiro paso cara á imputación aos titulares das centrais nucleares dos custos da xestión dos residuos radioactivos, do combustible nuclear gastado e do desmantelamento e clausura das centrais nucleares que, ata entón, se imputaban exclusivamente á tarifa eléctrica. Na actual situación de dificultade para o sector eléctrico cómpre acelerar e profundar neste proceso xa iniciado. Mediante a presente modificación da disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, os ditos custos pasan a ser imputados aos titulares das centrais nucleares, con independencia da data de xeración dos residuos, liberándose a tarifa eléctrica e, por tanto, os consumidores, de facer fronte a esta carga financeira, e imputándose a esta unicamente aqueles custos que poidan corresponder a centrais nucleares que cesaron definitivamente a súa explotación, así como aqueles conceptos que ata agora se viñan considerando como custos de diversificación e seguranza de abastecemento.

En cuarto lugar, pola súa crecente incidencia sobre o déficit de tarifa, establécense mecanismos respecto ao sistema retributivo das instalacións do réxime especial. A tendencia que están seguindo estas tecnoloxías podería pór en risco, no curto prazo, a sustentabilidade do sistema, tanto desde o punto de vista económico polo seu impacto na tarifa eléctrica, como desde o punto de vista técnico, comprometendo, ademais, a viabilidade económica das instalacións xa finalizadas, cuxo funcionamento depende do adecuado equilibrio entre xeración xestionable e non xestionable. Así, faise necesario adoptar unha medida de urxencia que garanta a necesaria seguranza xurídica a aqueles que realizaron investimentos e poña as bases para o establecemento de novos réximes económicos que propicien o cumprimento dos obxectivos pretendidos: a consecución duns obxectivos de potencia por tecnoloxía a un custo razoable para o consumidor e a evolución tecnolóxica delas que permitan unha redución gradual dos seus custos e, por conseguinte, a súa concorrencia coas tecnoloxías convencionais.

A actual regulación do réxime especial non establece mecanismos suficientes que permitan planificar as instalacións deste tipo de enerxías, nin o montante e a distribución

no tempo das primas de retribución e, por tanto, o impacto nos custos que se imputan ao sistema tarifario. A medida prevista no real decreto lei, mediante a creación do Rexistro de pre-asignación de retribución, permite corrixir a situación descrita máis arriba desde o mesmo momento da súa entrada en vigor. Permitirá coñecer nos prazos previstos no real decreto lei as instalacións que actualmente non só están proxectadas, senón que cumpren as condicións para se executar e acceder ao sistema eléctrico con todos os requisitos legais e regulamentarios, o volume de potencia asociado a estas e o impacto nos custos da tarifa eléctrica e o seu calendario. En calquera caso, respéctanse os dereitos e as expectativas dos titulares das instalacións, configurándose as cautelas precisas e prevéndose un réxime transitorio necesario para a adaptación.

En quinto lugar, abórdase a necesidade de establecer de inmediato un procedemento claro e eficaz de adjudicación daqueles gasodutos que dentro da planificación enerxética sexan prioritarios para a seguranza da subministración de gas, como é o caso das conexións internacionais, os almacenamentos subterráneos etc. A adjudicación das ditas infraestruturas á empresa que ten encomendada legalmente a xestión técnica do sistema gasista e que actúa como transportista independente permitirá garantir a execución en prazo das ditas instalacións esenciais para o sistema. Ademais, con iso complétase a configuración do modelo gasista, equiparándoo ao eléctrico, coa atribución ao xestor técnico do sistema e transportista independente da condición de transportista único respecto daqueles gasodutos que, por integrar a «rede mallada», son esenciais para o funcionamento do sistema e a seguranza de subministración.

Ademais, regúlanse unha serie de aspectos que deben ser abordados igualmente para a corrección da situación xerada polo déficit tarifario:

Establécese un sistema para o financiamento do extracusto de xeración no réxime insular e extrapeninsular que, de forma graduada, financiarán os orzamentos xerais do Estado e deixará de formar parte dos custos permanentes do sistema. Este financiamento orzamentario terá a mesma consideración que o resto de medidas destinadas a compensar os efectos da insularidade e extrapeninsularidade existentes.

Derrógase, ademais, o Real decreto lei 11/2007, do 7 de decembro, polo que se detrae da retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica o maior ingreso derivado da asignación gratuíta de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro. A derogación faise necesaria para adaptar o marco retributivo do sector eléctrico a un modelo de negocio en que o custo de xeración xa non é obxecto de liquidación na Comisión Nacional de Enerxía e faise coincidir coa entrada en vigor da tarifa de último recurso o 1 de xullo de 2009.

Finalmente, a sentenza do Tribunal Supremo, con data do 21 de abril de 2009, no recurso contencioso-administrativo n.º 162/2007, anula o Real decreto 1068/2007, do 27 de xullo, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector do gas natural. En consecuencia, e en cumprimento do disposto no artigo 82 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, procede designar os comercializadores de último recurso de gas natural con obxecto de garantir a continuidade da subministración dos consumidores acollidos á subministración de último recurso.

Así mesmo, o cumprimento da sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo, do 14 de febreiro de 2008, no asunto C-274/06 (Comisión contra o Reino de España), exige adoptar as medidas necesarias e urxentes non só para a derogación da disposición adicional vixésimo sétima da Lei 55/1999, do 29 de decembro, senón para a declaración de perda de efectos das posibles condicións impostas na súa aplicación.

A adopción do conxunto de medidas descritas anteriormente reúne as características de extraordinaria e urxente necesidade exixidas polo artigo 86 da Constitución, extraordinaria e urxente necesidade derivadas das razóns xa mencionadas de protección aos consumidores e garantía da sustentabilidade económica do sistema eléctrico, e cuxa vixencia inmediata é imprescindible para que a modificación normativa poida ter a eficacia que se pretende.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda e do

ministro de Industria, Turismo e Comercio, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de abril de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas relativas ao sector eléctrico

Sección 1.^a Financiamento do déficit de tarifa

Artigo 1. *Financiamento do déficit de tarifa.*

Modifícase a redacción da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional vixésimo primeira. *Suficiencia das peaxes de acceso e desaxustes de ingresos das actividades reguladas do sector eléctrico.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2013, as peaxes de acceso serán suficientes para satisfacer a totalidade dos custos das actividades reguladas sen que poida aparecer déficit «ex ante». A eventual aparición de desviacións conxunturais por desaxustes nos custos ou ingresos reais respecto aos que serviron de base para a fixación das peaxes de acceso en cada período dará lugar a que as tarifas de acceso do período seguinte ao da aparición da dita desviación conxuntural se modifiquen na contía necesaria para o seu axuste.

2. Ata o 1 de xaneiro de 2013, as disposicións polas que se aproben as peaxes de acceso recoñecerán, de forma expresa, os déficits de ingresos que, se é o caso, se considere que se poidan producir nas liquidacións das actividades reguladas no sector eléctrico.

Así mesmo, se como resultado das liquidacións das actividades reguladas en cada período resultase un déficit de ingresos superior ao previsto na disposición pola que se aprobaron as peaxes de acceso correspondentes, este déficit recoñecerase de forma expresa nas disposicións de aprobación das peaxes de acceso do período seguinte.

3. Non obstante, para os anos 2009, 2010, 2011 e 2012, o déficit de ingresos nas liquidacións das actividades reguladas do sector eléctrico non será superior a 3.500 millóns de euros, 3.000 millóns de euros, 2.000 millóns de euros e 1.000 millóns de euros, respectivamente.

4. Os déficits do sistema de liquidacións eléctrico xerarán dereitos de cobramento consistentes no dereito a percibir un importe da facturación mensual por peaxes de acceso dos anos sucesivos ata a súa satisfacción.

Os pagamentos que realice a Comisión Nacional de Enerxía necesarios para satisfacer os dereitos de cobramento terán consideración de custos permanentes do sistema e recadaranse a través das peaxes de acceso ata a súa satisfacción total.

Para o financiamento dos ditos déficits, os dereitos de cobramento correspondentes poderanse ceder a un fondo de titulización que se constituirá para estes efectos e se denominará Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, segundo o previsto na disposición adicional quinta da Lei 3/1994, do 14 de abril, pola que se adapta a lexislación española en materia de entidades de crédito á segunda directiva de coordinación bancaria e se introducen outras modificacións relativas ao sistema financeiro, e será de aplicación o disposto no Real decreto 926/1998, do 14 maio, polo que se regulan os fondos de titulización de activos e as

sociedades xestoras de fondos de titulización. A constitución do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico requirirá o informe previo favorable do Ministerio de Economía e Facenda.

O activo do fondo de titulización estará constituído por:

a. Dereitos de cobramento xerados e non cedidos a terceiros polos titulares iniciais do dereito ata 10.000 millóns de euros na data do 31 de decembro de 2008. O prezo de cesión dos ditos dereitos e as condicións de cesión destes determinarase por real decreto, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Turismo e Comercio e de Economía e Facenda.

b. Os dereitos de cobramento a que dea lugar o financiamento dos déficits xerados desde o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro de 2012, cuxas características, así como prezo e condicións de cesión, se establecerán por real decreto, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Turismo e Comercio e de Economía e Facenda.

5. O pasivo do fondo de titulización estará constituído polos instrumentos financeiros que se emitan a través dun procedemento competitivo que se regulará por real decreto, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Turismo e Comercio e de Economía e Facenda.

6. A sociedade xestora do fondo de titulización será designada pola Comisión que, para estes efectos, se cree, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio que a presidirá. Esta comisión estará composta por representantes do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e do Ministerio de Economía e Facenda. En atención á natureza da función asignada á comisión, esta poderá contar co asesoramento técnico da Comisión Nacional de Enerxía e da Comisión Nacional do Mercado de Valores polas especiais condicións de experiencia e coñecementos que concorren en tales organismos.

A designación, pola Comisión, da sociedade xestora, deberase realizar de acordo cos principios de obxectividade, transparencia e publicidade, e entre sociedades xestoras que contén con profesionais de recoñecida e probada experiencia na materia.

Na súa organización e funcionamento, a comisión rexerese polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e regulamentariamente establecerase a súa composición en canto ao número de membros e rango xerárquico.

A extinción desta comisión producirase automaticamente unha vez alcanzado o fin para que foi creada.

7. Así mesmo, para cubrir eventuais desfases de tesouraría entre ingresos e pagamentos do fondo de titulización, por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderase constituír unha liña de crédito en condicións de mercado.

8. Ao abeiro do establecido no artigo 114 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, autorízase a Administración xeral de Estado, desde a data de entrada en vigor deste real decreto lei ata o 31 de decembro de 2013, e con suxeición aos límites que se establecen nas letras a) e b) deste punto, a outorgar avais en garantía das obrigas económicas exixibles ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, derivadas das emisións de instrumentos financeiros que realice o dito fondo con cargo aos dereitos de cobramento que constituían o seu activo:

a) Ata o 31 de decembro de 2009, a Administración xeral do Estado poderá outorgar avais por un importe máximo de 10.000 millóns de euros, considerándose incrementado na dita contía, e reservado para este fin, o límite establecido no artigo 54 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.

b) Para os exercicios posteriores, os importes máximos para o outorgamento de avais serán os que determinen as correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

O outorgamento dos avais deberá ser acordado pola ministra de Economía e Facenda, de acordo co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e só se poderá efectuar unha vez constituído o fondo.

De se producir a execución do aval fronte á Administración xeral do Estado, esta subrogarase, respecto dos importes executados por calquera concepto, en todos os dereitos e accións que tivesen recoñecidos os acredores fronte ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico.

No caso de execución dos avais a que se refire este punto, autorízase a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para que poida efectuar os pagamentos correspondentes á execución dos avais mediante operacións de tesouraría con cargo ao concepto específico que se fixe para tal fin. Con posterioridade á realización dos ditos pagamentos, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación definitiva ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio, salvo os efectuados no mes de decembro, que se aplicarán ao orzamento de gastos no primeiro trimestre do ano seguinte.»

Sección 2.^a Bonificación nas facturas domésticas

Artigo 2. *Bonificación nas facturas domésticas.*

1. Créase o bono social para determinados consumidores de electricidade acollidos á tarifa de último recurso que cumpran coas características sociais, de consumo e poder adquisitivo que se determinen por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Para estes efectos, establecerase un limiar referenciado a un indicador de renda per cápita familiar. En todo caso, circunscribírase a persoas físicas na súa vivenda habitual.

2. O bono social configúrase como unha protección adicional do dereito á subministración de electricidade. Será considerado obriga de servizo público segundo o disposto na Directiva 2003/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade.

3. O bono social cubrirá a diferenza entre o valor da tarifa de último recurso e un valor de referencia, que se denominará tarifa reducida. Esta tarifa reducida será a vixente aplicable ao consumidor doméstico na data de entrada en vigor deste real decreto lei e poderá ser modificada por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

4. O bono social será aplicado polo correspondente comercializador de último recurso nas facturas, segundo as condicións que determine o ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

5. O financiamento deste bono social será compartido polas empresas titulares de instalacións de xeración do sistema eléctrico. Por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, estableceranse o procedemento de liquidación e as achegas que correspondan a cada unha das empresas.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio poderá exonerar determinados titulares de instalacións de xeración do sistema eléctrico da obriga de contribuír ao financiamento do bono social cando o seu volume de negocios a escala nacional se sitúe por debaixo dun limiar preestablecido pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

A declaración de exención só terá efecto para o período que nela se especifique, e o titular da instalación a que afecte deberá asumir a obriga de contribución ao financiamento do bono social unha vez transcorrido, salvo que o ministro de Industria, Turismo e Comercio expresamente o prorrogue.

As achegas recibidas depositaranse nunha conta específica en réxime de depósito creada para o efecto pola Comisión Nacional de Enerxía, que será responsable da súa xestión.

6. A caracterización do bono social, o seu financiamento, así como o réxime transitorio de financiamento inicial, revisaranse por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, polo menos cada catro anos, para adecualos á situación do sector eléctrico.

Sección 3.^a Financiamento das actividades do Plan xeral de residuos radioactivos e da entidade pública empresarial ENRESA de xestión de residuos radioactivos

Artigo 3. *Modificación das disposicións adicionais sexta e sexta bis da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

As disposicións adicionais sexta e sexta bis da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, modifícanse como segue.

Un. Modifícanse os números 3, 4 e 7 da disposición adicional sexta, que quedan redactados nos seguintes termos:

«3. Terán a consideración de custo de diversificación e seguranza de abastecemento para os efectos previstos nesta lei as cantidades destinadas a dotar a parte da provisión para o financiamento dos custos correspondentes á xestión dos residuos radioactivos e do combustible gastado xerados nas centrais nucleares cuxa explotación cesase definitivamente con anterioridade á data de constitución efectiva da entidade pública empresarial ENRESA de xestión de residuos radioactivos, creada pola disposición adicional sexta bis desta lei, así como ao seu desmantelamento e clausura, aqueles custos futuros correspondentes ás centrais nucleares ou fábricas de elementos combustibles que, tras ter cesado definitivamente a súa explotación, non se previsen durante a dita explotación, e os que, se é o caso, puidesen derivar do previsto no número 6 desta disposición adicional.

Así mesmo, terán esta consideración as cantidades destinadas a dotar a parte da provisión para o financiamento dos custos da xestión de residuos radioactivos procedentes daquelas actividades de investigación que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio determine que estiveron directamente relacionadas coa xeración de enerxía nucleoelectrónica, as operacións de desmantelamento e clausura que se deban realizar como consecuencia da minaría e produción de concentrados de uranio con anterioridade ao 4 de xullo de 1984, os custos derivados do reprocesamento do combustible gastado enviado ao estranxeiro con anterioridade ao momento da entrada en vigor desta lei e aquel outros custos que se especifiquen mediante real decreto.

4. As cantidades destinadas a dotar a parte da provisión para o financiamento dos custos en que se incorra a partir da data de constitución efectiva da entidade pública empresarial ENRESA de xestión de residuos radioactivos, correspondentes á xestión dos residuos radioactivos e do combustible gastado xerados nas centrais nucleares en explotación, non terán a consideración de custo de diversificación e seguranza de abastecemento e serán financiadas polos titulares das centrais nucleares durante a dita explotación, con independencia da data da súa xeración, así como os correspondentes ao seu desmantelamento e clausura.

Así mesmo, serán financiadas polos titulares das centrais nucleares as asignacións da entidade pública empresarial ENRESA destinadas aos municipios afectados por centrais nucleares ou instalacións de almacenamento de combustible gastado ou residuos radioactivos, nos termos establecidos polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como os importes correspondentes aos tributos que se devenguen en relación coas actividades de almacenamento de residuos radioactivos e combustible gastado, con independencia da súa data de xeración.

7. A cantidade remanente da provisión existente na data de constitución efectiva da entidade pública empresarial ENRESA de xestión de residuos radioactivos, unha vez deducidas as cantidades necesarias para o financiamento dos custos previstos a que se refire o número 3, será destinada ao financiamento dos custos a que se refire o número 4.

Nos custos de xestión dos residuos radioactivos e do combustible gastado e no desmantelamento e clausura inclúranse todos os custos relativos ás actividades técnicas e servizos de apoio necesarios para levar a cabo estas actuacións, nos cales se consideran os correspondentes aos custos de estrutura e aos proxectos e actividades de I+D, de acordo todo iso co previsto no Plan xeral de residuos radioactivos.

O custo da xestión dos residuos radioactivos e combustible gastado nas propias instalacións de produción de enerxía nucleoelectrica incluírá, unicamente, o correspondente ao custo das actividades realizadas pola entidade pública empresarial ENRESA e, se é o caso, os custos de terceiros derivados das ditas actividades.»

Dous. Modifícanse os números primeiro e segundo do punto 17 da disposición adicional sexta bis, que quedan redactados nos seguintes termos:

«Primeiro. *Taxa pola prestación de servizos de xestión de residuos radioactivos a que se refire o número 3 da disposición adicional sexta.*

a) Feito imponible:

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos relativos ás actividades a que se refire o número 3 mencionado no parágrafo anterior, é dicir, a xestión dos residuos radioactivos e do combustible gastado xerados nas centrais nucleares cuxa explotación cesase definitivamente con anterioridade á data de constitución efectiva da entidade pública empresarial ENRESA de xestión de residuos radioactivos, así como o seu desmantelamento e clausura, aqueles custos futuros correspondentes ás centrais nucleares ou fábricas de elementos combustibles que, tras ter cesado definitivamente a súa explotación, non se previsen durante esta explotación e os que, se é o caso, puidesen derivar do previsto no número 6 da disposición adicional sexta desta lei.

Así mesmo, constitúe o feito imponible a xestión de residuos radioactivos procedentes daquelas actividades de investigación que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio determine que estiveron directamente relacionadas coa xeración de enerxía nucleoelectrica, as operacións de desmantelamento e clausura que se deban realizar como consecuencia da minaría e produción de concentrados de uranio con anterioridade ao 4 de xullo de 1984, os custos derivados do reprocesamento do combustible gastado enviado ao estranxeiro con anterioridade no momento da entrada en vigor desta lei, e aquel outros custos que se especifiquen mediante real decreto.

b) Base imponible:

A base imponible da taxa está constituída pola recadación total derivada da aplicación das tarifas eléctricas e peaxes a que se refire esta lei.

c) Devengo da taxa:

A taxa devengarase o derradeiro día de cada mes natural durante o período de xestión establecido no Plan xeral de residuos radioactivos.

d) Suxeitos pasivos:

Serán suxeitos pasivos da taxa a título de contribuíntes as empresas explotadoras titulares das centrais nucleares.

Serán suxeitos pasivos a título de substitutos do contribuínte e obrigados á realización das obrigas materiais e formais da taxa as empresas que desenvolven as actividades de transporte e distribución nos termos previstos nesta lei.

e) Tipos de gravame e cota:

No caso da tarifa a que se refire esta lei, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria a ingresar é do 0,001 por cento.

No caso da peaxe a que se refire esta lei, o tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria a ingresar é do 0,001 por cento.

f) Normas de xestión:

A xestión da taxa corresponde á entidade pública empresarial ENRESA. Mediante orde ministerial aprobarase o modelo de autoliquidación e os medios para facer efectivo o ingreso das contías exixibles.

A taxa correspondente á recadación do penúltimo mes anterior ingresarase mediante autoliquidación que efectuará o suxeito pasivo substituto do contribuínte antes do día 10 de cada mes ou, se é o caso, do día hábil inmediatamente posterior.

A recadación da taxa farase efectiva a través das entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Poderanse realizar convenios con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos das taxas, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas delas.

Esta taxa integrárase, para todos os efectos, na estrutura de tarifas eléctricas e peaxes establecida na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e as súas disposicións de desenvolvemento.

Segundo. *Taxa pola prestación de servizos de xestión de residuos radioactivos a que se refire o número 4 da disposición adicional sexta.*

a) Feito imponible:

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos relativos ás actividades a que se refire o número 4 mencionado no parágrafo anterior, é dicir, a xestión dos residuos radioactivos e do combustible gastado xerados nas centrais nucleares durante a súa explotación con independencia da data da súa xeración, así como os correspondentes ao seu desmantelamento e clausura, e as asignacións da entidade pública empresarial ENRESA destinadas aos municipios afectados por centrais nucleares ou instalacións de almacenamento de combustible gastado ou residuos radioactivos, nos termos establecidos polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como os importes correspondentes aos tributos que se devenguen en relación coas actividades de almacenamento de residuos radioactivos e combustible gastado.

b) Base imponible:

A base imponible da taxa está constituída pola enerxía nucleoelectrica bruta xerada por cada unha das centrais en cada mes natural, medida en quilowatt hora brutos (Kwh) e redondeada ao enteiro inferior.

c) Devengo da taxa:

A taxa devengarase o derradeiro día de cada mes natural durante o período de explotación das centrais.

En caso de cesamento anticipado da explotación por vontade do titular, a taxa devengarase no momento en que, de conformidade coa lexislación aplicable, se produza este cesamento.

d) Suxeitos pasivos:

Serán suxeitos pasivos da taxa as empresas explotadoras titulares das centrais nucleares. En caso de que sexan varias as titulares dunha mesma central, a responsabilidade será solidaria entre todas elas.

e) Determinación da cota:

A cota tributaria a ingresar durante a explotación da instalación será a resultante de multiplicar a base imponible pola tarifa fixa unitaria e o coeficiente corrector que a continuación se sinala, de tal modo que a cota a ingresar será a resultante da aplicación da seguinte fórmula:

$$C = B.i. \times T \times Cc$$

Na cal:

C =Cota a ingresar.

B.i. = Base imponible en Kwh.

T = Tarifa fixa unitaria en céntimos de €/Kwh.

Cc = Coeficiente corrector aplicable de acordo coa seguinte escala:

Potencia bruta da central nuclear (Mwe)	PWR	BWR
1-300	1,15	1,28
301-600	1,06	1,17
601-900	1,02	1,12
901-1200	0,99	1,09

PWR = Reactores de auga a presión.

BWR = Reactores de auga en ebulición.

f) Normas de xestión:

A xestión da taxa corresponde á entidade pública empresarial ENRESA.

Mediante orde ministerial aprobarase o modelo de autoliquidación e os medios para facer efectivo o ingreso das contías exixibles.

A taxa ingresarase mediante autoliquidación que efectuará o suxeito pasivo no prazo dos tres meses naturais seguintes ao seu devengo.

No caso do cesamento anticipado da explotación dunha central nuclear por vontade do titular, con respecto ás previsións establecidas no Plan xeral de residuos radioactivos, o déficit de financiamento que, se é o caso, existise no momento do cesamento, deberá ser aboado polo titular á entidade pública empresarial ENRESA durante os tres anos seguintes a partir da data do dito cesamento, efectuando pagamentos anuais iguais na contía que determine o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio con base no estudo económico que realice esta entidade.

A recadación da taxa farase efectiva a través das entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Poderanse realizar convenios con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos das taxas, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas delas.»

Sección 4.^a Rexistro de preasignación para o réxime especial

Artigo 4. *Mecanismo de rexistro de preasignación de retribución para as instalacións do réxime especial.*

1. Créase a subsección da sección segunda do Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica a que se refire o artigo 21.4 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Esta subsección será denominada, no sucesivo, Rexistro de preasignación de retribución.

2. A inscrición no Rexistro de preasignación de retribución será condición necesaria para o outorgamento do dereito ao réxime económico establecido no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

3. Para se inscribir no Rexistro de preasignación de retribución será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Dispoñer da concesión por parte da compañía eléctrica distribuidora ou de transporte de punto de acceso e conexión firme para a totalidade da potencia da instalación.

b) Dispoñer de autorización administrativa da instalación outorgada polo órgano competente. No caso de instalacións de potencia non superior a 100 kW, este requisito non será necesario.

c) Dispoñer de licenza de obras expedida pola Administración local competente, cando resulte exixible.

d) Ter depositado o aval necesario para solicitar o acceso á rede de transporte e distribución cando esta exixencia lle fose de aplicación.

e) Dispoñer de recursos económicos propios ou financiamento suficiente para acometer, polo menos, o 50 por cento do investimento da instalación, incluída a súa liña de evacuación e conexión ata a rede de transporte ou distribución.

f) Ter alcanzado un acordo de compra asinado entre o promotor da instalación e o fabricante ou subministrador de equipamentos correspondente para a adquisición de equipamentos por un importe equivalente polo menos do 50 por cento do valor da totalidade destes fixado no proxecto de instalación.

g) Dispoñer dun punto de subministración de gas natural asignado por parte da empresa distribuidora ou de transporte de gas, cando a instalación vaia utilizar este combustible como principal.

h) Dispoñer dun informe favorable de aproveitamento de augas outorgado polo órgano competente, cando sexa necesario para o funcionamento da instalación proxectada.

i) Ter depositado un aval na Caixa Xeral de Depósitos da Administración Xeral do Estado, a favor da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, por unha contía de 20 €/kW. Para a tecnoloxía solar termoeléctrica a contía anterior será de 100 €/kW.

4. O promotor deberá dirixir unha solicitude de inclusión no Rexistro de preasignación de retribución á Dirección Xeral de Política e Minas para un proxecto concreto, xuntando os documentos xustificativos do cumprimento dos requisitos previstos no número 3 anterior.

5. As instalacións serán inscritas no Rexistro administrativo de preasignación de retribución, cronoloxicamente, empezando polas datas máis antigas e ata que sexa cuberto o obxectivo de potencia previsto en cada grupo e subgrupo. Para efectos da determinación da prioridade temporal, para cada unha delas, terase en conta a última data dos documentos xustificativos dos requisitos previstos no citado número 3.

6. A cobertura de cada obxectivo farase por exceso, é dicir, a última solicitude que sexa aceptada será aquela para a cal a súa non consideración suporía a non cobertura da cota prevista.

7. En caso de igualdade de varias instalacións, como resultado da aplicación do criterio de prioridade establecido no número 5, a preferencia entre aquelas virá determinada, por esta orde, pola data da autorización administrativa, a de licenza de obras e a de depósito do aval regulado no número 3.i), considerando mellor a data máis antiga. Se, non obstante, se mantívese a igualdade, terá preferencia o proxecto de instalación de menor potencia.

8. As instalacións inscritas no Rexistro de preasignación de retribución disporán dun prazo máximo de trinta e seis meses contados desde a data da súa notificación, para ser inscritas con carácter definitivo no Rexistro administrativo de instalacións de produción en réxime especial dependente do órgano competente e comezar a venda de enerxía. En caso contrario, seralles revogado o dereito económico asociado á inclusión no Rexistro de pre-asignación de retribución.

9. Habilítase o Goberno para modificar, mediante real decreto, o disposto nos números 3 e seguintes deste artigo para adaptalo ás necesidades e evolución das distintas tecnoloxías.

10. O disposto nos números anteriores non será aplicable á tecnoloxía solar fotovoltaica, que se rexerá polo previsto no Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro.

CAPÍTULO II

Mercados enerxéticos

Sección 1.^a Transportista único da rede troncal de gas

Artigo 5. *Transportista único da rede troncal de transporte primario de gas.*

Modifícase o cuarto parágrafo do número 1 do artigo 67 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que queda redactado como segue:

«As autorizacións de construción e explotación dos gasodutos de transporte obxecto de planificación obrigatoria, de acordo co artigo 4 desta lei, deberán ser outorgados mediante un procedemento que asegure a concorrencia, promovido e resolto pola autoridade competente cando se trate de gasodutos de transporte secundario. No caso dos gasodutos de transporte primario que formen parte da rede mallada, serán autorizados de forma directa á empresa que teña atribuídas as funcións de xestor técnico do sistema gasista.

No caso doutros gasodutos de transporte competencia da Administración xeral do Estado, poderanse adjudicar aos titulares das instalacións a que se conecten.»

Disposición adicional primeira. *Financiamento do extracusto de xeración no réxime insular e extrapeninsular.*

As compensacións polos extracustos de xeración dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares a que se refire o artigo 12.3 da Lei 54/97, do 27 de novembro, do sector eléctrico, serán financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Para estes efectos, os extracustos correspondentes a cada ano serán incorporados na Lei de orzamentos xerais do ano posterior.

Non obstante, o extracusto do ano 2009 compensarase nun 17%; o do ano 2010, nun 34%; o do ano 2011, nun 51%; o do 2012 nun 75% e o dos exercicios seguintes nun 100%. O resto, non recollido nos orzamentos xerais do Estado, incluídas, se é o caso, as desviacións dos anos 2009 ao 2012, será financiado a través das peaxes de acceso e será considerado custo permanente do sistema.

As compensacións orzamentarias non terán a consideración de custos permanentes de funcionamento do sistema. Regulamentariamente, determinarase un mecanismo de control e recoñecemento das compensacións orzamentarias, así como o seu procedemento de liquidación.

En todo caso, o fondo de liquidacións do sistema eléctrico xestionado pola Comisión Nacional da Enerxía actuará como mecanismo de financiamento subsidiario, tendo, só para estes efectos, a natureza de custos permanentes de funcionamento do sistema.

O titular do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio presentará ao Consello de Ministros, logo de informe á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, unha proposta de revisión da metodoloxía para a estimación do custo do réxime insular e extrapeninsular.

Disposición adicional segunda. *Designación dos comercializadores de último recurso de gas natural.*

1. As empresas comercializadoras de gas natural que asumirán a obriga de subministración de último recurso no territorio peninsular e Baleares desde o momento da súa integración no sistema gasista, de acordo co disposto no artigo 82 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, serán:

Endesa Enerxía, S. A.
Gas Natural Servicios, S. A.
Iberdrola, S. A.
Naturgas Enerxía Comercializadora, S. A. U.
Unión Fenosa Comercial, S. L.

2. A empresa comercializadora que asumirá a obriga de subministración de último recurso nas illas Canarias, desde o momento da entrada do gas natural, será Endesa Enerxía, S. A.

3. O Goberno poderá revisar as empresas que asuman a obriga de subministración de último recurso conforme o disposto no artigo 82 da Lei 34/1998, do 7 de outubro.

Disposición transitoria primeira. *Mecanismo transitorio de financiamento do déficit.*

Ata que se articulen os mecanismos previstos no artigo 1 deste real decreto lei, será de aplicación o disposto no artigo 24 do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

En concreto, a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, cando o fondo acumulado na conta específica a que se refire o Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, aberta en réxime de depósito teña saldo negativo, será liquidado pola Comisión Nacional de Enerxía nas liquidacións mensuais aplicando as seguintes porcentaxes de repartición:

Iberdrola Generación, S. A.: 35,01 %.
Unión Fenosa Generación, S. A.: 12,84 %.
Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.: 6,08 %.
Endesa Generación, S. A.: 44,16 %.
E.ON Generación, S. L.: 1,00 %.
GAS Natural S.D.G, S. A.: 0,91 %.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación automática do bono social desde o 1 de xullo de 2009.*

Ata que se desenvolva o previsto no artigo 2, e a partir do 1 de xullo de 2009, terán dereito ao bono social as subministracións dos consumidores que, sendo persoas físicas, teñan unha potencia contratada inferior a 3 kW na súa vivenda habitual.

Tamén terán dereito os consumidores con 60 ou máis anos de idade que acrediten ser pensionistas do Sistema da Seguranza Social por xubilación, incapacidade permanente e viuvez e que perciban as contías mínimas vixentes en cada momento para as ditas clases de pensión con respecto aos titulares con cónxuxe a cargo ou aos titulares sen cónxuxe que viven nunha unidade económica unipersoal, así como os beneficiarios de pensións do extinguido seguro obrigatorio de velez e invalidez e de pensións non contributivas de xubilación e invalidez maiores de 60 anos.

Así mesmo, terán dereito os consumidores que acrediten ser familias numerosas e os consumidores que acrediten formar parte dunha unidade familiar que teña todos os seus membros en situación de desemprego.

Por resolución do secretario de Estado de Enerxía determinarase o procedemento para acreditar as condicións que dan dereito á bonificación.

Así mesmo, a partir do 1 de xullo de 2009, e ata o momento en que teña lugar a primeira revisión que se establece no artigo 2.6, o bono social financiarase a través da achega de cada unha das empresas segundo as porcentaxes recollidas na seguinte táboa:

Empresa	Porcentaxe
Endesa Generación, S.A.	36,77
Iberdrola Generación, S.A.	34,99
GAS Natural S.D.G, S. A.	3,54
Unión Fenosa Generación, S. A.	10,00
Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.	3,53
E.ON Generación, S. L.	2,25
AES Cartagena, S. R. L.	2,07
Bizkaia Energía, S. L.	1,42
Castelnou Energía, S. L.	1,58
Nueva Generadora del Sur, S. A.	1,62
Bahía de Bizkaia Electricidad, S. L.	1,42
Tarragona Power, S. L.	0,81
Total	100,00

Disposición transitoria terceira. *Valor da tarifa unitaria prevista no parágrafo segundo.e) do número 17 da disposición adicional sexta bis da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

1. Mentres non se determine por acordo do Consello de Ministros o valor da tarifa unitaria prevista no parágrafo segundo.e) do punto 17 da disposición adicional sexta bis da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, será de aplicación o valor establecido na disposición transitoria primeira.2 do Real decreto 40/2009, do 23 de xaneiro, polo que se determinan os valores que se van aplicar para o financiamento dos custos correspondentes á xestión dos residuos radioactivos e do combustible gastado, e ao desmantelamento e clausura de instalacións.

Esta determinación farase nun prazo máximo de tres meses contados desde a entrada en vigor do estatuto da entidade pública empresarial ENRESA de xestión de residuos radioactivos, creada pola disposición adicional sexta bis da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

2. A partir da entrada en vigor do estatuto da entidade pública empresarial ENRESA producirán efecto as modificacións introducidas na disposición adicional sexta e disposición adicional sexta bis da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, polo artigo 3 deste real decreto lei.

Disposición transitoria cuarta. *Instalacións do réxime especial que no momento da entrada en vigor deste real decreto lei cumprisen os requisitos do Rexistro de preasignación de retribución.*

Aqueles proxectos de instalacións, salvo os de tecnoloxía solar fotovoltaica, que no momento da entrada en vigor deste real decreto lei cumprisen os requisitos establecidos no artigo 4.3, salvo o previsto na súa letra i), disporán dun período de 30 días naturais contados desde o día da entrada en vigor deste real decreto lei para presentar a súa solicitude ante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Así mesmo, disporán de 30 días naturais adicionais para depositar o aval a que fai referencia o número 3.i) do

artigo 4 deste real decreto lei e remitir o xustificante acreditativo á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas. Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos previos dos proxectos de instalacións, serán inscritos no Rexistro de preasignación de retribución.

Disposición transitoria quinta. *Cumprimento dos obxectivos de potencia instalada do réxime especial no momento da entrada en vigor deste real decreto lei.*

1. Cando a potencia asociada aos proxectos inscritos en aplicación da disposición transitoria cuarta deste real decreto lei, para un grupo e subgrupo, sexa inferior ao obxectivo de potencia correspondente establecido no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, o réxime económico previsto nel estenderase ata o cumprimento do obxectivo considerado.

Cando, polo contrario, a potencia asociada aos proxectos inscritos sexa superior ao obxectivo previsto, o réxime económico establecido no citado Real decreto 661/2007, do 25 de maio, será de aplicación e esgotarase coas ditas instalacións inscritas. Neste caso, mediante acordo do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, poderanse establecer restricións anuais á execución e entrada en operación das instalacións inscritas e a priorización destas co obxecto de non comprometer a sustentabilidade técnica e económica do sistema, estendendo convenientemente, se é o caso, o prazo máximo establecido no artigo 4.8 deste real decreto lei.

2. Mediante real decreto aprobarase un novo marco xurídico-económico para as instalacións que se inscriban no Rexistro administrativo de pre-asignación de retribución, unha vez esgotado o réxime retributivo actualmente vixente. Este novo real decreto terá como obxectivos o establecemento dun réxime económico suficiente e adecuado para fomentar a posta en servizo deste tipo de instalacións, promovendo a investigación e o desenvolvemento no sector que permitan reducir os custos das instalacións, mellorar a súa operatividade e contribuír ao desenvolvemento da competitividade da industria.

Disposición transitoria sexta. *Mantemento da aplicabilidade do réxime establecido polo Real decreto lei 11/2007, do 7 de decembro, ata o 1 de xullo de 2009.*

O réxime establecido polo Real decreto lei 11/2007, do 7 de decembro, polo que se detrae da retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica o maior ingreso derivado da asignación gratuítas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, seguirá sendo de aplicación ata a supresión do sistema tarifario integral e a posta en marcha da tarifa de último recurso no sector eléctrico, o 1 de xullo de 2009.

Disposición transitoria sétima. *Réxime transitorio de liquidación de compensacións insulares e extrapeninsulares.*

Ata que se desenvolva o previsto na disposición adicional primeira, será de aplicación o réxime de liquidación das compensacións aos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares previsto no artigo 18 do Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións legais e regulamentarias:

a) A disposición adicional vixésimo sétima da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) O Real decreto lei 11/2007, do 7 de decembro, polo que se detrae da retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica o maior ingreso derivado da asignación gratuítas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, a excepción do establecido na disposición transitoria cuarta.

c) O número 1 da disposición transitoria primeira do Real decreto 40/2009, do 25 de xaneiro, polo que se determinan os valores que se van aplicar para o financiamento dos custos correspondentes á xestión dos residuos radioactivos e do combustible gastado, e ao desmantelamento e clausura de instalacións.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases do réxime enerxético e mineiro, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Ineficacia de determinados actos.*

Quedan sen efecto as condicións impostas en aplicación do establecido na disposición adicional vixésimo sétima da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno, a ministra de Economía e Facenda e o ministro de Industria, Turismo e Comercio, no ámbito das súas respectivas competencias, ditarán as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de abril de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO